

cias e prestando servicios non asumidos pola Comunidade Autónoma do País Vasco e que en provincias de réxime común lle corresponden ó Estado, así como as normas para a revisión anual desta compensación en función do calendario de transferencia de competencias ó País Vasco.

A determinación e aplicación desta compensación non afectará ás normas de determinación da cota establecidas neste concerto, se ben se fará efectiva mediante redución dos importes das cotas correspondentes a Araba en virtude do artigo 41.dous.e) do Estatuto de autonomía.

Disposición transitoria quinta.

O réxime tributario aplicable ás agrupacións de interese económico e ás unións temporais de empresas constituídas con anterioridade á entrada en vigor deste concerto económico será o correspondente ó País Vasco cando non superen o seu ámbito territorial.

Disposición transitoria sexta.

Os grupos fiscais que con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2002 estivesen tributando con normativa común ou foral en réxime de consolidación fiscal, por aplicación do disposto no artigo 25 do concerto económico aprobado pola Lei 12/1981, do 13 de maio, poderán mantelo devandito réxime de tributación ata o 31 de decembro de 2006, sempre que cumpran os requisitos previstos para a súa aplicación na normativa sobre consolidación fiscal vixente o 31 de decembro de 2001.

Disposición transitoria sétima.

Entrementres non se modifique o actual réxime de fabricación e comercio dos elaborados do tabaco, o axuste para o imposto especial de fabricación de elaborados de tabaco, recollido no artigo 54 deste concerto económico, será o resultante de aplica-la seguinte expresión matemática:

$$RF_{PV} = RR_{PV} + c' * RRTC [(1-c') * RR_{PV}]$$

Sendo:

RF_{PV} = Recadación final anual para o País Vasco por elaborados de tabaco.

RR_{PV} = Recadación real anual do País Vasco por labores de tabaco.

RR_{TC} = Recadación real anual do territorio común por elaborados de tabaco.

$$c' = \frac{\text{Elaborados do tabaco subministrados a expendedorías de tabaco e timbre situadas no País Vasco}}{\text{Elaborados de tabaco subministrados a expendedorías de tabaco e timbre situadas en territorio de aplicación do imposto}}$$

Disposición derradeira única.

A derogación ou modificación, se é o caso, das normas do concerto económico aplicables ós diferentes tributos entenderanse sen prexuízo do dereito das administracións respectivas a esixiren, consonte os puntos de conexión entón vixentes, as débedas esixibles con anterioridade.

9970 *LEI 13/2002, do 23 de maio, pola que se aproba a metodoloxía de sinalamento da cota do País Vasco para o quinquenio 2002-2006. («BOE» 124, do 24-5-2002.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución española, na súa disposición adicional primeira, declara o amparo e respecto dos dereitos históricos dos territorios forais, e ordena que a actualización do dito réxime foral se levará a cabo, se é o caso, no marco da propia Constitución e dos estatutos de autonomía.

O Estatuto de autonomía do País Vasco, aprobado pola Lei orgánica 3/1979, do 18 de decembro, establece, no seu artigo 41, punto 1, que as relacións de orde tributaria entre o Estado e a Comunidade Autónoma do País Vasco se regularán polo sistema tradicional de concerto económico, e o punto 2.d) do dito artigo dispón que o País Vasco contribuirá ó sostemento das cargas xerais do Estado mediante a achega dunha cota global integrada polas correspondentes a cada un dos seus territorios históricos.

Finalmente, o punto 2.e) do citado artigo 41 expresa que unha comisión mixta procederá ó sinalamento das cotas correspondentes a cada territorio histórico e que a cota global resultante se aprobará por lei coa periodicidade que se fixe no concerto económico.

O concerto económico entre o Estado e o País Vasco, aprobado pola Lei 12/1981, do 13 de maio, establecía, no seu artigo 48, punto un, que cada cinco anos, mediante lei das Cortes Xerais e logo de acordo da Comisión Mixta de Cota, se procederá a aproba-la metodoloxía de sinalamento da cota que rexerá no quinquenio, conforme os principios xerais establecidos no concerto económico, así como a aproba-la cota do primeiro ano do quinquenio.

Este mesmo artigo foi reproducido no acordo adoptado na Comisión Mixta de Cota do día 6 de marzo de 2002, pola que se aproba o Concerto Económico entre o Estado e o País Vasco que vai rexer a partir do 1 de xaneiro de 2002.

En cumprimento destes preceptos, ámbalas administracións, de común acordo, procederon a determina-la metodoloxía de sinalamento da cota que hai que aplicar durante o quinquenio 2002-2006 e a fixa-la cota líquida provisional do ano 2002, ano base do quinquenio, adoptando a Comisión Mixta de Cota os correspondentes acordos na citada reunión do 6 de marzo de 2002.

Artigo único.

Apróbase a metodoloxía de determinación da cota do País Vasco para o quinquenio 2002-2006, á que se refiren o artigo 41.2.e) do Estatuto de autonomía do País Vasco e o artigo 50 do Concerto Económico entre o Estado e o País Vasco, que figura como anexo a esta lei.

Disposición derradeira única.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e producirá efectos desde o día 1 de xaneiro de 2002.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 23 de maio de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

ANEXO

CAPÍTULO I

Réxime xurídico e vixencia da metodoloxía

Artigo 1. *Réxime xurídico e vixencia da metodoloxía.*

As cotas do País Vasco correspondentes ós exercicios 2002-2006, ambos inclusive, determinaranse pola metodoloxía regulada nos artigos seguintes, normativa que aplica a establecida na sección 2.^a do capítulo II do Concerto Económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco, aprobado pola Lei 12/2002.

Artigo 2. *Sistemática.*

Para efectos do disposto no artigo anterior determinarase a cota líquida do ano base do quinquenio, que será actualizada para os exercicios seguintes.

CAPÍTULO II

Determinación da cota líquida do ano base

Artigo 3. *Determinación da cota do ano base.*

A cota líquida do ano base do quinquenio 2002-2006 determinarase pola aplicación do índice de imputación ó importe total das cargas non asumidas pola Comunidade Autónoma e mediante a práctica dos correspondentes axustes e compensacións, todo iso nos termos previstos nos artigos seguintes.

Artigo 4. *Cargas do Estado non asumidas pola Comunidade Autónoma.*

Un. Considéranse cargas do Estado non asumidas pola Comunidade Autónoma as que correspondan a competencias das que esta non asumise efectivamente o exercicio.

Dous. Para a determinación do importe total das ditas cargas deducirase do total de gastos do orzamento do Estado a asignación orzamentaria íntegra que, no ámbito estatal, corresponda ás competencias asumidas pola Comunidade Autónoma, desde a data de efectividade da transferencia fixada nos correspondentes reais decretos.

Tres. Entre outras, terán o carácter de cargas non asumidas pola Comunidade Autónoma as seguintes:

- As cantidades asignadas nos orzamentos xerais do Estado ós Fondos de Compensación Interterritorial.
- As transferencias ou subvencións que faga o Estado a favor de entes públicos na medida en que as competencias desempeñadas por eles non estean asumidas pola Comunidade Autónoma do País Vasco.
- Os xuros e cotas de amortización das débedas do Estado.

Catro. A imputación ós territorios históricos da parte correspondente por cargas non asumidas efectuarase por aplicación do índice de imputación ó que se refire o artigo 7 seguinte.

Artigo 5. *Axustes.*

Un. Sen prexuízo do disposto nos artigos 14 e 15 seguintes, as cifras que resulten da imputación a que se refire o número catro do artigo anterior axustaranse para perfecciona-la estimación dos ingresos por impostos directos imputables ó País Vasco e ó resto do Estado segundo o establecido no artigo 55 do concerto.

Dous. As cantidades que resulten da práctica do axuste regulado no número un anterior constituirán a cota de cada territorio histórico.

Artigo 6. *Compensacións.*

Un. Da cota correspondente a cada territorio histórico restaranse por compensación os seguintes conceptos:

- A parte imputable dos tributos non concertados.
- A parte imputable dos ingresos orzamentarios de natureza non tributaria.
- A parte imputable do déficit que presenten os orzamentos xerais do Estado.

Dous. Tamén serán obxecto de compensación da cota de cada territorio histórico a parte imputable ó País Vasco por aqueles ingresos que financian as funcións e servizos traspasados ó País Vasco en materia sanitaria e de servizos sociais da Seguridade Social e que, con anterioridade á entrada en vigor desta lei, eran satisfeitos ó País Vasco mediante transferencias da Tesourería Xeral da Seguridade Social, por aplicación do previsto no réxime orzamentario regulado nos reais decretos 1536/1987, do 6 de novembro; 1476/1987, do 2 de outubro; 1946/1996, do 23 de agosto, e 558/1998, do 2 de abril.

Tres. A imputación dos conceptos sinalados nos números anteriores efectuarase aplicando o índice establecido no artigo 7 seguinte.

Artigo 7. *Índice de imputación.*

O índice de imputación ó que se refiren os artigos 4 e 6 precedentes, determinado basicamente en función da renda dos territorios históricos en relación co Estado, é o 6,24 por 100 para o quinquenio en curso.

Artigo 8. *Cota líquida.*

A cantidade que resulte trala práctica dos axustes regulados no artigo 5 e as compensacións reguladas no artigo 6.un anteriores constitúe a cota líquida do País Vasco correspondente ó exercicio 2002, ano base do quinquenio.

A dita cota líquida, unha vez determinada, minorarase no importe das compensacións indicadas no artigo 6.dous anterior, así como na cantidade resultante de aplica-la disposición transitoria cuarta do concerto económico.

CAPÍTULO III

Determinación da cota líquida dos anos seguintes do quinquenio e liquidación definitiva das cotas

Artigo 9. *Método de determinación.*

A cota líquida correspondente ós anos do quinquenio posteriores ó ano base determinarase provisionalmente por aplicación dun índice de actualización ó dito concepto.

Igualmente se operará nos anos seguintes ó ano base coa compensación establecida no artigo 6.dous desta lei.

Artigo 10. *Índice de actualización.*

O índice de actualización é o cociente entre a previsión de ingresos por tributos concertados, excluídos os susceptibles de cesión ás comunidades autónomas, na parte que fose cedida, que figure nos capítulos I e II do orzamento de ingresos do Estado do exercicio ó que se refira a cota líquida e os ingresos, debidamente homoxeneizados, previstos polo Estado polos mesmos conceptos tributarios no ano base do quinquenio.

Artigo 11. *Efectos por variación nas competencias asumidas.*

Un. Se durante calquera dos anos seguintes ó ano base do quinquenio, a Comunidade Autónoma do País Vasco asumise novas competencias o custo anual das cales no ámbito estatal fose incluído dentro das cargas do Estado que se computaron para a determinación da cota do ano base do quinquenio recollido no artigo 8, procederase a calculalo custo total anual no ámbito estatal asociado ó traspaso no exercicio en que este se produza, segundo se deduza dos orzamentos xerais do Estado para o referido exercicio.

No suposto de que a efectividade do novo traspaso non coincidise co 1 de xaneiro do exercicio, procederase a ratealo custo total anual no ámbito estatal asociado ó traspaso no dito exercicio proporcionalmente á parte do ano en que o País Vasco asumise tales competencias, con efectos exclusivos para a determinación da cota do exercicio en que se produza o traspaso.

A citada redución proporcional terá en conta a periodicidade real dos gastos correntes, así como o efectivo grao de realización dos investimentos do Estado.

Dous. No caso de producirse a circunstancia sinalada no punto anterior, procederase a minoralo cota líquida do ano base do quinquenio no importe que resulte de aplicar ó custo total anual no ámbito estatal no exercicio en que se produza o traspaso, dividido polo índice de actualización regulado no artigo 10, o índice de imputación regulado no artigo 7.

A cota líquida do ano base do quinquenio, así revisada, será a que se utilice para a determinación da cota do exercicio en que se produce o traspaso e dos exercicios posteriores.

Tres. O mecanismo descrito aplicarase de maneira inversa no caso de que a Comunidade Autónoma do País Vasco deixase de exercer competencias que tivese asumidas.

Artigo 12. *Liquidación definitiva.*

Un. As cotas fixadas provisionalmente conforme o disposto nos artigos anteriores liquidaranse definitivamente aplicando o valor real do índice de actualización definido no artigo 10, que se deduza da recadación líquida realmente obtida polo Estado, tanto no exercicio a que se refire a cota como a súa homoxénea no ano base do quinquenio, á cota líquida definitiva do ano base.

Igualmente se operará para liquidar definitivamente a compensación establecida no artigo 6.dous desta lei.

Dous. Excepcionalmente, a liquidación definitiva da cota líquida correspondente ó ano base do quinquenio efectuarase considerando o valor real do índice de actualización, definido no artigo 10, que se deduza da recadación líquida realmente obtida polo Estado no ano base do quinquenio, respecto á previsión homoxénea de recadación para ese mesmo exercicio que figure no orzamento de ingresos do Estado.

Igualmente se operará para a liquidación definitiva correspondente ó ano base do quinquenio da compensación establecida no artigo 6.dous desta lei.

Tres. A recadación líquida obtida polo Estado en cada exercicio será a que se deduza da certificación expedida pola Intervención Xeral da Administración do Estado para estes efectos, computándose como tal a obtida no ano ó que se refire a certificación, calquera que sexa o da esixibilidade.

Catro. A liquidación definitiva efectuarase no mes de maio do exercicio seguinte ó que se refire a cota obxecto dela e as diferencias que orixine coa cota líquida e a compensación fixadas provisionalmente para o citado exercicio regularizaranse no citado mes de maio, computándose, se é o caso, co ingreso a efectuar previsto no artigo seguinte, no citado mes.

CAPÍTULO IV

Normas comúns

Artigo 13. *Ingreso da cota.*

A cantidade a ingresar pola Comunidade Autónoma do País Vasco en cada exercicio aboarase á Facenda Pública do Estado en tres prazos iguais, durante os meses de maio, setembro e decembro del.

Artigo 14. *Axuste polo imposto sobre o valor engadido.*

Un. Á recadación real do País Vasco polo imposto sobre o valor engadido engadiránselle:

a) O 6,875 por 100 da recadación polo imposto sobre o valor engadido obtida nas aduanas.

b) O 1,110 por 100 da recadación real do territorio común dividida polo 94,235 por 100, ou da recadación real do País Vasco dividida polo 5,765 por 100, segundo que a porcentaxe de recadación do País Vasco con respecto á total estatal, excluída a obtida nas aduanas, sexa superior ou inferior, respectivamente, ó 5,765 por 100.

Dous. A imputación provisional do axuste anterior e a súa regularización como definitivo no exercicio inmediato seguinte efectuarase conforme o procedemento vixente en cada momento aprobado pola Comisión Mixta do Concerto Económico.

Artigo 15. *Axuste polos impostos especiais de fabricación.*

Un. Á recadación real do País Vasco polos impostos especiais de fabricación, sobre alcohol e bebidas derivadas, produtos intermedios, cervexa, hidrocarburos e elaborados do tabaco engadiránselle:

a) 1. O 7,130 por 100 da recadación polos impostos sobre alcohol, bebidas derivadas e sobre produtos intermedios obtida nas aduanas.

2. O 5,198 por 100 da recadación real polos impostos sobre alcohol e bebidas derivadas e sobre produtos intermedios do territorio común dividida polo 98,068 por 100, ou da recadación real do País Vasco polos mesmos conceptos tributarios dividida polo 1,932 por 100, segundo que a porcentaxe de recadación do País Vasco con respecto á total estatal, excluída a obtida nas aduanas, sexa superior ou inferior, respectivamente, ó 1,932 por 100.

b) 1. O 7,130 por 100 da recadación polo imposto sobre a cervexa obtida nas aduanas.

2. O 5,399 por 100 da recadación real polo imposto sobre a cervexa do territorio común dividida polo 98,269 por 100, ou da recadación real do País Vasco polo mesmo concepto tributario dividida polo 1,731 por 100, segundo que a porcentaxe de recadación do País Vasco con respecto á total estatal, excluída a obtida nas adua-

nas, sexa superior ou inferior, respectivamente, ó 1,731 por 100.

c) 1. O 6,560 por 100 da recadación polo imposto sobre hidrocarburos obtida nas aduanas.

2. Con signo negativo, o 1,700 por 100 da recadación real polo imposto sobre hidrocarburos do territorio común dividida polo 91,740 por 100, ou da recadación real do País Vasco polo mesmo concepto tributario dividida polo 8,260 por 100, segundo que a porcentaxe de recadación do País Vasco con respecto á total estatal, excluída a obtida nas aduanas, sexa superior ou inferior, respectivamente, ó 8,260 por 100.

d) A diferenza entre o resultado de aplicar á recadación real no territorio común polo imposto sobre os labores do tabaco a porcentaxe que corresponda anualmente ó valor dos labores subministrados a estancos de tabaco e timbre situados no País Vasco, sobre o valor dos elaborados subministrados ós ditos establecementos no territorio de aplicación deste imposto, e o resultado de aplica-lo complementario a cen da porcentaxe anteriormente definida á recadación real polo mesmo concepto tributario no País Vasco.

Dous. No caso de que a recadación real obtida polo País Vasco difira, polo imposto sobre hidrocarburos, en máis do 7 por 100 e polos impostos sobre alcohol e bebidas derivadas, produtos intermedios e cervexa en máis do 10 por 100 da cifra que resulte de aplica-los índices contidos no último inciso das letras a).2, b).2 e c).2 do número un deste artigo á recadación real do conxunto do Estado por cada un deles, corríxanse os ditos índices para efectua-los axustes do ano en que se produzan as diferenzas citadas.

A dita corrección realizarase por aplicación da porcentaxe de variación, positiva ou negativa, que exceda sobre os respectivos límites establecidos no parágrafo anterior ós correspondentes índices contidos no último inciso das letras a).2, b).2 e c).2 do punto un anterior.

Tres. A imputación provisional do axuste anterior para cada un dos impostos e a súa regularización como definitivo, no exercicio inmediato seguinte, efectuarase conforme o procedemento vixente en cada momento, aprobado pola Comisión Mixta do Concerto Económico.

Disposición adicional primeira.

Para o quinquenio 2002-2006 mantense vixente o establecido na disposición adicional primeira da Lei 37/1997, do 4 de agosto.

Disposición adicional segunda.

Apróbase a cota líquida provisional do País Vasco para o exercicio de 2002 que figura no anexo desta metodoloxía.

Disposición adicional terceira.

No caso de que se produza unha reforma no ordenamento xurídico tributario do Estado que afectase a concertación dos tributos, se produza unha alteración na distribución das competencias normativas que afecte o ámbito da imposición indirecta ou se creasen novas figuras tributarias ou pagamentos á conta, ámbalas Administracións procederán, de común acordo, á pertinente revisión da cota líquida do ano base do quinquenio e do seu índice de actualización, na forma e contía que resulte procedente, tendo todo iso efectos a partir do ano en que se produza a dita reforma.

Ámbalas administracións acordarán, se é o caso, o establecemento dos axustes ou compensacións que, dada a natureza da figura tributaria concertada, sexan procedentes.

Disposición adicional cuarta.

No suposto de que se modifique o actual réxime de fabricación e comercio de elaborados do tabaco, ámbalas administracións procederán, de común acordo, á revisión da letra d) do artigo 15.un.

Disposición adicional quinta.

O custo da Policía Autónoma recollido como carga asumida no cota do ano base 2002 é o que se corresponde coa valoración atribuída ó dito servizo para ese ano. En consecuencia, terá a partir da entrada en vigor desta lei o mesmo tratamento có resto das cargas asumidas.

O importe da Policía Autónoma, recollido no anexo, reflicte o financiamento correspondente ó número de efectivos en situación administrativa de servizo activo derivada dos acordos de despregamento adoptados antes do 1 de xaneiro de 2002.

A Comisión Mixta do Concerto Económico acordará o financiamento do incremento que experimente o actual cadro de persoal da Policía Autónoma.

Disposición adicional sexta.

Para efectos desta lei, os acordos adoptados pola Comisión Mixta de Cota á que se refire o artigo 49 do Concerto Económico, aprobado pola Lei 12/1981, do 13 de maio, entenderanse adoptados e ratificados pola Comisión Mixta de Concerto Económico á que se refire o artigo 61 do Concerto Económico aprobado pola Lei 12/2002, do 23 de maio.

Disposición adicional sétima.

A partir da entrada en vigor da presente lei, o financiamento das funcións e servizos traspasados ó País Vasco en materia de asistencia sanitaria e de servizos sociais da Seguridade Social terá o mesmo tratamento có resto de cargas asumidas. Por iso, o réxime orzamentario establecido nos reais decretos 1536/1987, do 6 de novembro; 1476/1987, do 2 de outubro; 1946/1996, do 23 de agosto, e 558/1998, do 2 de abril, entenderase adaptado ó establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira.

Excepcionalmente, se transcorrido o prazo de vixencia desta lei non se promulgase unha nova lei reguladora da metodoloxía de sinalamento da cota para os exercicios seguintes, a metodoloxía recollida nesta lei será de aplicación en tódolos seus termos para o sinalamento provisional das cotas líquidas e das compensacións a que se refiren o artigo 6.dous desta lei e a disposición transitoria cuarta do Concerto Económico no exercicio 2007 e seguintes.

As cotas e compensacións así determinadas substituiranse polas que resulten procedentes de aplica-la lei que os regule, citada no parágrafo anterior, unha vez que esta sexa aprobada.

Disposición derradeira segunda.

O disposto nesta metodoloxía enténdese sen prexuízo da normativa contida nas disposicións adicionais, transitorias e finais do Concerto Económico co País Vasco, que permanecen vixentes na medida en que sexan de aplicación nos seus propios termos.

ANEXO

Cota provisional da Comunidade Autónoma do País Vasco para o ano base 2002

	Miles de euros
Orzamento do Estado. Gastos	144.104.165,08
Cargas asumidas pola Comunidade Autónoma (1)	77.411.615,88
Total cargas non asumidas	66.692.549,20
Imputación do índice ás cargas non asumidas (6,24 por 100 s/66.692.549,20)	4.161.615,07
Compensacións e axustes a deducir:	
Por tributos non concertados (3.097.191,36 ó 6,24 por 100)	-193.264,74
Por outros ingresos non tributarios (8.718.927,49 ó 6,24 por 100)	-544.061,08
Por déficit orzamentario (32.916.367,94 ó 6,24 por 100)	-2.053.981,36
Por impostos directos concertados	-279.643,41
	-3.070.950,59
Cota líquida	1.090.664,48
Compensacións artigo 6.dous da Lei de cota	-53.042,35
Compensacións Araba: disposición transitoria cuarta do Concerto Económico	-2.996,05
Líquido a pagar	1.034.626,08

(1) Neste importe está integrada como carga asumida unha valoración no ámbito estatal de Policía Autónoma de 6.172.355,79 miles de euros.

9971 *CORRECCIÓN de erros da Lei 23/2001, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2002. («BOE» 124, do 24-5-2002.)*

Advertidos erros na Lei 23/2001, do 27 de decembro, de orzamentos xerais Estado para o ano 2002, publicada no "Boletín Oficial del Estado", suplemento número 1 en lingua galega, do día 1 de xaneiro de 2002, procédese a efectua-las oportunas rectificacións:

Na páxina 143, segunda columna, no artigo 21, parágrafo segundo, onde di: «... fixados na disposición adicional novena desta lei...», debe dicir: «... fixados na disposición adicional décima desta lei...».

Na páxina 150, segunda columna, no artigo 33.tres, onde di: «... o establecido no Real decreto 1189/2002, do 23 de xuño...», debe dicir: «... o establecido no Real decreto 1189/2000, do 23 de xuño...».

Na páxina 157, primeira columna, no artigo 44.Un, parágrafo primeiro, onde di: «... por importe superior a 5.500,63 euros anuais...», debe dicir: «... por importe superior a 5.538,38 euros anuais...».

Na páxina 157, primeira columna, no artigo 44.un, parágrafo segundo, onde di: «... por contía igual ou inferior a 5.538,38 euros anuais...», debe dicir: «... por contía igual ou inferior a 5.392,77 euros anuais...».

Na páxina 167, primeira columna, no apartado 1.2.2 S. Móbil asig. aleatoria/redes ou concesións de cobertura nacional, na columna C4, tódolos coeficientes «1,25» deben ser substituídos por «1».

9972 *CORRECCIÓN de erros da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. («BOE» 124, do 24-5-2002.)*

Advertidos erros na Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social,

publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 1 en lingua galega, do día 1 de xaneiro de 2002, procédese a efectua-las oportunas rectificacións:

Na páxina 203, primeira columna, na exposición de motivos, VI, segundo parágrafo, décima liña, onde di «...anual e de capital dado, dispondo...», debe dicir: «...anual e de capital, dispondo...».

Na páxina 207, segunda columna, no artigo 2. Catro, parágrafo oitavo, primeira e segunda liñas, onde di: «Os debidos ou afianzados por entidades de dereito público.», debe dicir: «a) Os debidos ou afianzados por entidades de dereito público.». En consecuencia, as letras a), b), c) e d) do texto publicado deben pasar a se-las letras b), c), d) e e).

Na páxina 213, primeira columna, no artigo 2. Catorce, onde di: «36 quater. Deducción por contribucións empresariais a plans de pensións de emprego ou a mutualidades de previsión social que actúen como instrumento de previsión social empresarial.», debe dicir: «36 quater. Deduccións por contribucións empresariais a plans de pensións de emprego ou a mutualidades de previsión social que actúen como instrumento de previsión social empresarial.»

Na páxina 225, primeira columna, no artigo 6. Tres, onde di: «Modifícase o punto 2.º do número un do artigo 35...», debe dicir: «Modifícase o primeiro parágrafo do punto 2.º do número un do artigo 35...».

Na páxina 225, segunda columna, no artigo 8, onde di: «c) A produción de electricidade en centrais eléctricas ou a coxeración de electricidade...», debe dicir: «c) A produción de electricidade en centrais eléctricas ou á coxeración de electricidade...».

Na páxina 227, segunda columna, no artigo 9. Oito, 2, onde di: «...na alínea b) do número 1 do número catro...», debe dicir: «...na letra b) do número un do punto catro...».

Na páxina 248, segunda columna, no artigo 15. Cinco, no número 3, onde di: «...os números anteriores poderanse efectuar...», debe dicir: «...os números anteriores poderanse efectuar...».